

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas de servizos sociais no ano 2017

Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de servizos sociais durante o ano 2017

Na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno acordou aprobar as Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de servizos sociais durante o ano 2017

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2017

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA (complementarias das Bases reguladoras xerais)

Datos da convocatoria

Denominación:	Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de servizos sociais durante o ano 2017
Referencia:	Mantemento: FOAXE
Aplicación orzamentaria:	Mantemento: 0611/231.21/481
Importe total do crédito consignado:	1.000.000 € máis as modificacións que se poidan producir
Importe do orzamento de gastos da actividade:	Máximo 100.000 €, mínimo 750 €
Importe da subvención que se vai conceder:	Ata 60.000 €. No caso de solicitar unha petición para mantemento (FOAXE) e outra para investimento (FOIE) o máximo do importe que se concederá é o mesmo que o estipulado para cada unha das modalidades da convocatoria FOIE.
Porcentaxe subvencionable do orzamento de gastos financeiros:	Do 20% ao 80%

Base 2.-Réxime xurídico

Réxime xurídico específico da convocatoria

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia
- Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Base 3.-Obxecto

3.1. Servizos, programas e actividades subvencionables

Solicitar axuda nesta convocatoria é compatible con presentar unha solicitude na convocatoria de investimento de servizos sociais (FOIE) sempre que axusten as dúas peticións aos límites de contía indicados.

As entidades poderán solicitar axuda para un só código dos sinalados nesta base. A Sección de Servizos Sociais poderá remitir as peticións ao código correspondente dentro da mesma convocatoria cando se estime que a solicitude está mal presentada.

As entidades poderán solicitar axudas para gastos de mantemento de centros, servizos estables, programas ou para desenvolver actividades.

SERVIZOS SOCIAIS NA ÁREA DE FAMILIA, INFANCIA E MOCIDADE**Códigos:**

- EF-1 Centros de menores
- EF-2 Centros de atención á infancia
- EF-3 Ludotecas
- EF-4 Puntos de encontro
- EF-5 Programas de atención psicosocial e intervención socioeducativa dirixidos a menores en situación de risco ou conflito social

Todos estes centros deberán cumprir cos requisitos de persoal, infraestruturas, horarios, etc. determinados no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia e Decreto 354/2003 do 16 de setembro, polo que se regulan as ludotecas como centros de servizos sociais e se establecen os seus requisitos.

SERVIZOS SOCIAIS NA ÁREA DE PERSOAS MAIORES**Códigos:**

- EP-1 Residencias
- EP-2 Fogares residenciais
- EP-3 Centros de atención diúrna e/ou nocturna
- EP-4 Centros mixtos
- EP-5 Vivendas comunitarias
- EP-6 Apartamentos tutelados

SERVIZOS SOCIAIS NA ÁREA DE DIVERSIDADE FUNCIONAL**Códigos:**

- ED-1 Transporte adaptado.
- ED-2 Eliminación de barreiras
- ED-3 Centros de atención a persoas con minusvalías.
- ED-4 Tratamentos de rehabilitación
- ED-5 Respiro familiar
- ED-6 Centros especiais de emprego (sen ánimo de lucro).
- ED-7 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

Estes programas deberán comprender:

- Análise de necesidades previa ao deseño do itinerario de inserción laboral.
- Accións formativas adaptadas ás necesidades das persoas usuarias.
- Accións de acompañamento á busca de emprego (por conta propia ou allea).
- Accións de seguimento.
- ED-8 Programas de acción tutelar

SERVIZOS SOCIAIS ÁREA DE DROGODEPENDENCIAS E OUTROS TRASTORNOS ADITIVOS**Códigos:**

- EOT-1 Programas de tratamento terapéutico, rehabilitación e inserción social.
- EOT-2 Unidades de día
- EOT-3 Comunidades terapéuticas
- EOT-4 Vivendas de apoio
- EOT-5 Programas de apoio ás familias e para prevención no colectivo de menores e mocidade que se desenvolvan en colaboración cos centros de atención a persoas con drogodependencias.

Os programas EOT-1, EOT-2, EOT-3, EOT-4, EOT-5, deberán estar incluídos na rede asistencial do Plan de Galicia sobre drogas.

- EOT-6 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

Estes programas deberán comprender:

- Análise de necesidades previa ao deseño do itinerario de inserción laboral.
- Accións formativas adaptadas ás necesidades das persoas usuarias.
- Accións de acompañamento á busca de emprego (por conta propia ou allea).
- Accións de seguimento.

SERVIZOS SOCIAIS NA ÁREA DE MINORÍAS ÉTNICAS E INMIGRACIÓN**Códigos:**

- EOM-1 Programas de formación para o emprego.
 - EOM-2 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.
- Estes programas deberán comprender:
- Análise de necesidades previa ao deseño do itinerario de inserción laboral.
 - Accións formativas adaptadas ás necesidades das persoas usuarias.
 - Accións de acompañamento á busca de emprego (por conta propia ou allea).
 - Accións de seguimento.
 - EOM-3 Programas de apoio á integración social.

SERVIZOS SOCIAIS NA ÁREA DE PERSOAS EN RISCO OU SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN OU ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN SOCIAL, LABORAL, ETC. (PERSOAS SEN TEITO, EXRECLUSAS E OUTRAS)**Códigos:**

- EOR-1 Albergues.
- EOR-2 Centros de acollida e inclusión.
- EOR-3 Comedores sociais.
- EOR-4 Centros de atención social continuada.
- EOR-5 Centros de día de inclusión social.
- EOR-6 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

Estes programas deberán comprender:

- Análise de necesidades previa ao deseño do itinerario de inserción laboral.
- Accións formativas adaptadas ás necesidades das persoas usuarias.
- Accións de acompañamento á busca de emprego (por conta propia ou allea).
- Accións de seguimento.

3.2. Observacións comúns

No caso de que se estime que a petición encaixa noutra convocatoria da Sección de Servizos Sociais (FOIE, FOCVAA, FOIOOA) poderase realizar de oficio o dito cambio, despois do consentimento da entidade interesada.

Tendo en conta a inclusión da transversalidade de xénero, poderase solicitar como parte de calquera dos programas recollidos na convocatoria, sempre que se estime necesaria a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, segundo a natureza da actividade, un servizo específico de conciliación. Valorará a adecuación do dito servizo o persoal técnico da Sección de Servizos Sociais.

As entidades deberán de informar a Sección de Servizos Sociais acerca da realización daquelas actividades abertas ao público en xeral (cursos, seminarios, conferencias, etc.) que organicen con cargo a achega provincial, previamente ao seu inicio.

Observacións comúns ás áreas 3.3, 3.4, 3.5, e 3.6: Nos programas orientados á inserción social e/ou laboral, as persoas destinatarias destas accións deberán reunir polo menos unha ou máis das condicións recollidas no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia

3.3. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos xerais, entre outros, os seguintes: persoal de servizos xerais (administrativo, contable, limpeza, vixilancia, ordenanzas, coordinadores/as xerais..) e gastos correntes (luz, auga, alugueiro, teléfono, internet, aloxamento web, etc.)

No caso da realización de actividades, os ditos gastos xerais poderanse subvencionar sempre e cando non superen o 13% do importe dos custos directos da actividade puntual, salvo naqueles casos nos que se xustifique, mediante declaración do/a representante legal, que os ditos gastos se derivan unicamente da execución da actividade, en cuxo caso terán a consideración de gastos directos.

Cando se trate do mantemento de centros ou da prestación de servizos estables propios da entidade, poderanse considerar como gastos directos os gastos xerais propios da entidade.

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL(*)
600	Compra de bens destinados á actividade (material funxible).
601	Compra de materias primas.
602	Compras doutros aprovisionamentos.
6210	Arrendamentos e canons (gastos xerais).
6211	Arrendamentos e canons destinados exclusivamente ao programa financiado.
622	Reparacións e conservacións (gastos xerais).
6230	Servizos de profesionais independentes (gastos xerais).
6231	Servizos de profesionais independentes destinados exclusivamente ao programa financiado.
624	Transportes (contratación transporte para usuarios/as).
6250	Primas de seguros (gastos xerais).
6251	Primas de seguros. Específicos do programa.
627	Publicidade e propaganda.
6280	Subministracións: auga, gas, luz... (gastos xerais).
6281	Subministracións destinadas exclusivamente ao programa financiado: auga, gas, luz... (requiren motivación no proxecto técnico).
6290	Comunicacións e outros servizos (gastos xerais).
6291	Comunicacións e outros servizos. Destinados exclusivamente ao programa financiado.
6310	Outros tributos específicos do programa. (Contribucións, taxas lixo, impostos circulación vehículos, etc.)
6400	Soldos e salarios do persoal de servizos xerais: persoal de xestión, limpeza, ordenanzas, coordinadores xerais, etc.. (gastos xerais).
6401	Soldos e salarios do persoal propio do programa.
6400	Seguridade social a cargo da entidade do persoal de servizos xerais (gastos xerais).
6401	Seguridade social a cargo da entidade do persoal propio do programa.
650	Axudas monetarias (axudas de emerxencia: subsidios, bolsas, manutención e aloxamento).
651	Axudas non monetarias (prestacións de carácter non monetario concedidas directamente a persoas físicas ou familias).
653	Compensación de gastos por prestacións de colaboracións (indemnización ao voluntariado e outros/as colaboradores/as por gastos de transporte, comida, vestuario, etc.).

Base 4.-Exclusións

Exclusións específicas da convocatoria

- Exclúense dos gastos subvencionables obxecto das solicitudes os referidos a actividades culturais, deportivas e de lecer e tempo libre que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.
- Tampouco serán subvencionables os gastos financeiros nin as comisións bancarias.
- Así mesmo, exclúense as axudas de custo como gasto subvencionable. Non obstante, subvencionaranse as indemnizacións ao persoal propio ou voluntario derivadas de gastos de desprazamento e manutención propios do programa, debidamente xustificadas.
- Non se subvencionarán gastos derivados de litixios

Base 5.-Entidades solicitantes

Requisitos das entidades solicitantes e condicións específicas da convocatoria

Ademais dos requisitos expresados nas bases reguladoras, as entidades de iniciativa social poderán optar ao financiamento para os servizos, programas e actividades que se relacionan nesta convocatoria, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

– Carecer de fins de lucro (poderán participar na convocatoria as cooperativas sen ánimo de lucro e os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro).
– Estar rexistradas, como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (Decreto 254/11, do 23 de decembro, DOG do 20 de xaneiro de 2012). – No caso dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro deberán acreditar que están rexistrados no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia. – No caso das cooperativas sen ánimo de lucro deberán estar rexistradas no Rexistro de cooperativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, como cooperativas sen ánimo de lucro. Aquelas entidades que non estean rexistradas nos termos anteriores, deberán solicitar o rexistro previamente á presentación da solicitude da subvención. No momento de achegar a xustificación deberán acompañar a acreditación do rexistro efectivo.
– No caso dos programas, centros de atención á infancia e a menores en situación de conflito ou desamparo e os servizos complementarios, regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, ludotecas, puntos de encontro familiar, centros de atención a persoas maiores, con discapacidade e dependencia, centros residencias para mulleres vítimas de malos tratos, centros de inclusión e emerxencia social e programa de axuda no fogar, tal e como contempla na disposición transitoria primeira do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, deberán contar coa correspondente autorización da Xunta de Galicia ou tela solicitada con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes. No caso de subcontratación do programa ou servizo, a entidade que implemente o programa ou servizo deberá contar así mesmo coa dita autorización.

Base 7.-Solicitude

7.1. Prazo e presentación de solicitudes específicas da convocatoria

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no BOP, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.2. Documentación

Ademais da documentación relacionada nas bases reguladoras, as entidades solicitantes teñen que achegar, de xeito telemático:

Documentación da entidade: - Declaración da inscrición da entidade, ou da solicitude de inscrición, no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia ou, no caso dos centros especiais de emprego, no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia ou, no caso das cooperativas sen ánimo de lucro, no Rexistro de cooperativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, como cooperativas sen ánimo de lucro, sempre con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes. - No caso dos programas especificados na base 5, declaración de que a entidade conta coa autorización da Xunta de Galicia do centro, servizo e/ou programa obxecto da solicitude ou de ter solicitado esta autorización dentro do prazo de presentación de solicitudes. - Declaración de que a entidade aprobou as liquidacións ou contas do último exercicio vencido legalmente esixibles. - Declaración de que o/a representante da entidade ou a entidade non foron sancionados ou condenados por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos previstos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia. - Proxecto descritivo xeral da actividade que se ha cubrir segundo o modelo fornecido pola Deputación. - Orzamento estimado dos gastos derivados da realización da actividade, detallado por conceptos. - Cando na certificación de gastos se indiquen como específicos gastos que puideran ter a consideración de xerais deberá de achegarse unha declaración de que os ditos recursos se destinan exclusivamente ao programa financiado e motivar esta circunstancia. - Declaración doutros ingresos previstos para a mesma actividade. - Se é o caso, solicitude de autorización para concertar a execución total ou parcial das actividades con persoas xurídicas vinculadas. Deberán indicar a epígrafe na que está inscrita no IAE a dita persoa vinculada e, no caso de persoas xurídicas, achegar a documentación de constitución da entidade para comprobar o seu obxecto social. - Declaración, se é o caso, de non contar con medios materiais ou humanos, o que motiva a necesidade da contratación superando o 50% do importe do gasto.
Certificacións: - Certificación da relación das persoas que desempeñan os cargos dos órganos da entidade e, no caso de asociacións, do número de socios da entidade.
Compromisos: - Compromiso de que na execución da súa actividade no utilizarán unha linguaxe sexista e non empregarán a imaxe da muller como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigrantes segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Poderase requirir a entidade para que achegue os datos, documentos complementarios e aclaracións que resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento. Este requirimento farase mediante o correo electrónico indicado.

Base 8.-Resolución

8.1. Valoración das solicitudes

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

A. Coeficiente de financiamento ou capacidade de autofinanciamento , segundo a súa definición, recollida nas bases reguladoras. De tal xeito que, a menor coeficiente, meirande puntuación obterá a entidade solicitante.	Ata 30 puntos
B. Antecedentes Por tratarse dun servizo novo Por tratarse dun servizo de continuación	Ata 3 puntos 1 punto 3 puntos
C. Ámbito territorial Servizo prestado en dous concellos Servizo prestado en tres concellos Servizo prestado en máis de tres concellos	Ata 6 puntos 2 puntos 4 puntos 6 puntos
D. Coordinación Por coordinarse con outros departamentos e/ou delegacións dentro da mesma entidade Por coordinarse con outras entidades de iniciativa social Por coordinarse cos servizos municipais Por coordinarse con outra administración pública a nivel supramunicipal: mancomunidade, consorcio Por coordinarse coa administración autonómica	Ata 9 puntos 1 punto 2 puntos 2 puntos 2 puntos 2 puntos
E. Número de persoas usuarias do programa/servizo/actividade Entre 0 e 25 persoas usuarias Entre 25 e 50 persoas usuarias Máis de 50 persoas usuarias	Ata 5 puntos 1 punto 3 puntos 5 puntos
F. Calidade do servizo e traxectoria da entidade Por contar cunha certificación de calidade Por contar con algún premio e/ou recoñecemento Por contar con medidas específicas de responsabilidade social corporativa Por contar coa declaración de entidade de utilidade pública	Ata 7 puntos 2 puntos 2 puntos 2 puntos 1 punto
G. Transversalidade de xénero Por contar con medidas específicas de conciliación Pola obtención e tratamento de datos desagregados por sexo	Ata 5 puntos 3 puntos 2 puntos
H. O emprego da lingua galega na realización das actividades ou actuacións para as que se solicita a axuda	Ata 5 puntos
I. Proxecto técnico, co seguinte detalle:	Ata 30 puntos
- Detección de necesidades e obxectivos:	Ata 7 puntos
Detección de necesidades (ata 3 puntos): Polo emprego de medidas específicas para a detección de necesidades que contemplen a participación das persoas destinatarias	
Obxectivos (ata 4 puntos): Pola descrición de obxectivos xerais e específicos adaptados ás necesidades das persoas usuarias e obxectivos específicos operativos e cuantificables	
- Temporalización e metodoloxía:	Ata 6 puntos
Temporalización (ata 3 puntos) Pola adaptación temporal das actividades previstas así como a súa adecuación aos obxectivos definidos	
Metodoloxía (ata 3 puntos): Pola definición da metodoloxía, ferramentas, técnicas materiais e instrumentos, adaptados ás necesidades das persoas usuarias	
- Avaliación e recursos materiais e humanos:	Ata 10 puntos
Avaliación (ata 4 puntos): Pola descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e ferramentas e instrumentos de avaliación	
Recursos materiais (ata 3 puntos): Pola definición de recursos materiais, emprego das novas tecnoloxías, elaboración de materiais propios, etc.	
Recursos humanos (ata 3 puntos): Por contar con persoal especializado para realizar o servizo e/ou actividade	
- Calidade técnica: Pola calidade e coherencia xeral do proxecto, desenvolvemento de boas prácticas e accións innovadoras, medidas de atención á diversidade, etc.	Ata 7 puntos

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución pola que se conceda ou denegue a subvención non excederá de 6 meses (arts. 25 e 26 da LXS e arts. 62 e 63 do RXS).

Base 9.-Xustificación e pagamentos

9.1. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións será o establecido con carácter xeral nas bases reguladoras.

9.3. Documentación xustificativa

Ademais da documentación relacionada nas bases reguladoras, para o cobramento da subvención as entidades deberán presentar unha conta xustificativa simplificada que comprenda a seguinte documentación:

- As entidades deberán acreditar o rexistro efectivo correspondente, ao que se refire a base 5, no momento de presentar a xustificación, no caso de non telo acreditado con anterioridade.
- No caso dos programas especificados na base 5, declaración de que a entidade conta coa autorización da Xunta de Galicia para o centro, servizo e/ou programa obxecto da solicitude.
- Memoria xustificativa que se cubrirá segundo o modelo fornecido pola Deputación, que deberá asinar a persoa representante da entidade, identificando o persoal técnico responsable do programa co seu cargo, nome e apelidos. Así mesmo, na memoria terá que quedar acreditado o cumprimento dos requisitos exixidos para os programas das áreas 3.3., 3.4., 3.5. e 3.6. da base 3.
- Deberán de remitir unha copia dos materiais editados para a realización/difusión dos servizos, programas e/ou actividades

- | |
|--|
| <ul style="list-style-type: none">- Respecto da certificación da relación clasificada de gastos recollida no apartado 9.3.2. das bases reguladoras, deberase ter en conta o seguinte:- No caso excepcional de axudas de emerxencia ou indemnizacións a persoas físicas nas que proceda aplicar especial protección da súa identidade segundo a normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, só se indicará o NIF da persoa perceptora como dato identificativo.- Cando na relación clasificada de gastos apareza o pagamento de axudas de emerxencia en especie, deberá engadirse ao concepto do gasto o NIF da persoa perceptora.- Se na relación clasificada de gastos apareceran xustificantes derivados de gastos de desprazamento ou manutención nos que o acredor non sexa a persoa que executou o dito gasto, deberá engadirse ao concepto de gasto o nome, apelidos e NIF desa persoa. |
| <ul style="list-style-type: none">- Declaración de que na execución da súa actividade non se utilizou a linguaxe sexista e de que non se empregou a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro |
| <ul style="list-style-type: none">- No caso de que algunha das actividades executadas pola entidade implicara o contacto habitual con menores, certificación de que se comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuíamento civil) |

Base 11.-Transversalidade de xénero

A transversalidade de xénero supón a aplicación do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, de tal modo que se garanta o acceso das persoas en igualdade de condicións, se planifiquen as actuacións tendo en conta as desigualdades existentes e se identifiquen e avalíen os resultados producidos para o avance na igualdade real.

Terase en conta para a valoración xeral dos proxectos a inclusión do principio de transversalidade de xénero coa finalidade de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A inclusión do principio de transversalidade poderá realizarse en cada unha das fases do proxecto. Poderá incluírse a través de: utilización dunha linguaxe non sexista así como no material editado e/ou empregado para a realización da actividade, incluíndo algunha actividade específica de igualdade (formativa, de sensibilización, etc.) dentro do programa solicitado, a través da definición de obxectivos xerais ou específicos en relación coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a través da formulación de indicadores avaliativos en relación co fomento da igualdade de xénero, mediante a obtención de datos desagregados por sexo, etc.

A descrición da inclusión do principio de transversalidade de xénero no programa solicitado realizarase a través do impreso correspondente.

A Coruña, 17 de febreiro de 2017.

O PRESIDENTE

Valentín González Formoso

O SECRETARIO

José Luis Almu Supervía

2017/1469